

EXTRACTO DO BORRADOR DA ACTA

da sesión ORDINARIA, en primeira convocatoria, celebrada polo Pleno do Excmo. Concello de Lugo o día

26 de xaneiro de 2017

No Salón de Sesións do Excmo. Concello de Lugo, ás dez horas e dez minutos do día vinte e seis de xaneiro de dous mil dezasete; baixo a presidencia da Excmo. Sra. Alcaldesa, DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, reúnen os concelleiros e concelleiras SR. DON JAIME CASTIÑEIRA BROZ, SRA. DONA ANA MARÍA LÓPEZ POMBO, SRA. DONA MARÍA ENCARNACIÓN AMIGO DÍAZ, SR. DON ANTONIO AMEIJIDE OSORIO, SRA. DONA MARÍA DEL CARMEN PENELAS CELEIRO, SRA. DONA ISABEL DEVESA PIÑEIRO, SR. DON ENRIQUE CEFERINO ROZAS LÓPEZ, SR. DON MANUEL LÓPEZ FERNÁNDEZ, SRA. DONA MARÍA DE LOS ÁNGELES TEIJEIRO GONZÁLEZ; ILMA. SRA. DONA ANA PRIETO NIETO, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Economía, Emprego e Desenvolvemento Económico; ILMO. SR. DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Medio Rural e Deportes; ILMA SRA. DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua; ILMA SRA. DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Benestar Social, Igualdade e Inclusión; ILMO. SR. DON XOSÉ DANIEL PIÑEIRO VILLARES, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Desenvolvemento Sostible e Persoal; ILMO. SR. DON MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Educación e Infraestruturas Urbanas, SR. DON SANTIAGO CELSO FERNÁNDEZ ROCHA, SRA. DONA MARÍA CRISTINA PÉREZ HERRÁIZ, SR. DON IGNACIO JAVIER GARCÍA GÓMEZ, SR. DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, SRA. DONA TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, SRA. DONA MARÍA OLGA LOUZAO ALDARIZ, SR. DON JESÚS EXPÓSITO LÓPEZ e SR. DON CARLOS ANXO PORTOMEÑE PÉREZ, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Excmo. Concello Pleno, en primeira convocatoria, conforme á correspondente orde do día.

Para os efectos de votación, faise constar que a Corporación municipal está formada por vinte e cinco concelleiros de feito e de dereito, incluído a presidenta.

Incorpórase á sesión, no asunto número 3/3, DONA ROSANA RIELO ROZAS.

DONA MARÍA DEL CARMEN PENELAS CELEIRO, durante o debate e votación do punto 7/7, está ausente da devandita sesión, á que se reincorpora no punto 8/8.

Abandona o salón de sesións, antes de levantarse esta, DONA MARÍA CRISTINA PÉREZ HERRAIZ, cando se está a debater o punto 8/8 da orde do día.

ACTAS E GOBERNO

MGF/jch

Refª: 17extractoap01

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-1-2017

Dá fe do acto a Vicesecretaria da Corporación, dona María García Ferro, e está presente o Interventor Xeral Municipal don Marcial Rodríguez Toajas.

Aberto o acto pola Presidencia e da súa orde, éntrase seguidamente no exame da orde do día, e adóptanse, en relación con ela, os seguintes acordos:

1/1 **ACTA ANTERIOR**.- O Excmo. Concello Pleno, pola unanimidade dos vinte e catro membros presentes na sesión, **ACORDA** aprobar as actas correspondentes ás sesións celebradas os días 27 de outubro (ORDINARIA) e 14 de novembro (EXTRAORDINARIA) de 2016.

A) **PARTE RESOLUTIVO**

URBANISMO

2/2 **APROBACIÓN DEFINITIVA DO ESTUDO DE DETALLE PARA A AGREGACIÓN DE DÚAS PARCELAS E ORDENACIÓN DE VOLUMETRÍA E CONCRECIÓN ESTÉTICA E COMPOSICIÓN EDIFICATORIA DAS UNIDADES EDIFICATORIAS 150110 E 150111 (RÚA NOVA, 115-117) DO PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN, REHABILITACIÓN E REFORMA INTERIOR (PEPRI) SOLICITADO POR DON JOSÉ VICENTE TATO PARDO**.- O Excmo. Concello Pleno, de conformidade coa referida proposta do Concelleiro Delegado, adoptou os seguintes **ACORDOS**:

PRIMEIRO.- Aprobar definitivamente, de conformidade co informe favorable da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de data do 28-07-16, o estudo de detalle para a agregación de dúas parcelas e ordenación de volumetría e concreción estética e composición edificatoria das unidades edificatorias 150110 e 150111 (Rúa Nova, 115-117) do Plan Especial de Protección, Rehabilitación e Reforma Interior (PEPRI), solicitado por don José Vicente Tato Pardo (artigo 80.2 da LSG).

SEGUNDO.- Requirir ó promotor deste estudo de detalle para que presente neste Concello, por triplicado exemplar, o devandito instrumento de planeamento en soporte dixital.

TERCEIRO.- Proceder á publicación deste acordo de aprobación definitiva no DOG, no prazo dun mes desde a súa adopción. Xunto coa publicación deste acordo publicarase a referencia ó enderezo electrónico no que figurará o contido íntegro deste Estudo de Detalle a disposición do público (artigo 82.2 da LSG).

CUARTO.- Unha vez publicado o anuncio no DOG, ó que fai referencia o anterior acordo, proceder á remisión dun exemplar deste Estudo de Detalle en soporte dixital, debidamente dilixenciado, á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (CMAOT) para a súa inscrición no Rexistro de

Planeamento Urbanístico de Galicia. Sendo esta inscrición requisito de eficacia do acordo de aprobación definitiva (artigo 88 da LSG).

QUINTO.- Notificarlles este acordo ós interesados, indicándolles que contra el poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (artigo 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo) nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da notificación do presente acto, o cal pon fin á vía administrativa (artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), sen prexuízo de que poidan interpoñer calquera outro recurso ou reclamación que estimen conveniente ó seu dereito.

PROPOSICIÓNS

3/3 PROPOSICIÓNS DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, NÚMERO 14/2017 DE REXISTRO DE PLENO, RELATIVA Á CONSTITUCIÓN DA COMISIÓN EN DEFENSA DOS INTERESES DOS LUCENSES EN RELACIÓN COA CS-E E O SEU CONTORNO (GARAÑÓN).- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Que se constituía de forma inmediata e urxente a Comisión que foi aprobada no Pleno do 30 de xullo do ano 2015 para garantir a defensa dos intereses dos lucenses en relación á CS-5 e o seu entorno.

SEGUNDO.- Que na Comisión se estude a posibilidade de contratar servizos de asesoramento externo ao Concello para os efectos de analizar as posibles solucións, tendo por obxectivo:

- Que desaparezan as torres do Garañón e recuperar as vistas dende o parque Rosalía de Castro.
- Evitar calquera tipo de indemnización ó promotor por parte do Concello, participando por un lado nos procesos xudiciais abertos e por outro estudar a posible anulación do convenio asinado no ano 2005.

TERCEIRO.- Tendo en conta a normativa urbanística vixente, estudar as posibilidades destes terreos, sempre marcando como obxectivo a defensa do interese xeral.

CUARTO.- Esta Comisión, cando o estime oportuno, poderá convocar a aquelas persoas ou colectivos que considere, así como a expertos independentes.

QUINTO.- Entrega na devandita Comisión de copia de todos os informes existentes ata o momento, realizados polos diferentes servizos municipais (Secretaría, Asesoría Xurídica, Urbanismo, Medio Ambiente, Licenzas, Intervención, etc.) con respecto á Unidade de Actuación CS-5, dende que se puxo en marcha o proxecto de urbanización da mesma ata o momento actual.

ACTAS E GOBERNO

MGF/jch

Refª: 17extractoap01

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-1-2017

SEXTO.- Estudar na Comisión, entre outros asuntos, que o Concello realice un estudo do custo real que suporá o derrubamento do xa construído na Unidade de Actuación CS-5 e consignar unha previsión orzamentaria nos vindeiros orzamentos do Concello para o cumprimento de posibles sentenzas.

4/4 PROPOSICIÓN DO GRUPO MIXTO (ACE-EU), NÚMERO 15/2017 DE REXISTRO DE PLENO, REFERENTE Á PRESENTACIÓN PÚBLICA DA CONTABILIDADE DA ASIGNACIÓN ORZAMENTARIA PERCIBIDA POLOS GRUPOS POLÍTICOS DO CONCELLO DE LUGO.- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA:**

PRIMEIRO.- O Pleno do Concello de Lugo require aos grupos municipais da corporación a fin de que rendan conta detallada da relación de gastos realizados con cargo ás asignacións económicas percibidas no seu día outorgadas polo propio Pleno do Concello de Lugo.

SEGUNDO.- O Pleno do Concello de Lugo comprométese a incluír entre as bases de execución do Orzamento para 2017 e sucesivos, unha base relativa á xustificación da asignación recibida como grupo municipal ante á Intervención Municipal.

TERCEIRO.- O Pleno do Concello de Lugo acorda que no Portal de Transparencia se publiquen as seguintes circunstancias, para xeral coñecemento da cidadanía e como exemplo de transparencia na xestión das contas públicas: cales grupos municipais xustificaron ante a Intervención Municipal as súas asignacións e a contabilidade detallada de cada grupo municipal, con relación do destino dos gastos indicando importe e concepto dos mesmos.

5/5 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO-ASAMBLEAS ABERTAS, NÚMERO 17/2017 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A ADHESIÓN Á REDE DE CIDADES QUE CAMIÑAN.- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Que o Concello de Lugo ratifique a Carta Internacional do Camiñar.

SEGUNDO.- Que o Concello de Lugo solicite a súa adhesión á Rede de Cidades que Camiñan.

TERCEIRO.- Que o Concello de Lugo leve adiante as medidas que leva esta rede, entre elas a Carta Europea dos Dereitos do Peón e a Carta Internacional do Camiñar.

6/6 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO-ASAMBLEAS ABERTAS, NÚMERO 19/2017 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A ELIMINACIÓN DE TAPÓNS URBANÍSTICOS NA CIDADE.- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA** que se estableza un plan plurianual de actuación para acometer a eliminación de tapóns urbanísticos no menor tempo posible, contemplando dentro deste plan de actuación a incorporación de partidas económicas, que se poderán detraer dos remanentes de tesourería para gastos xerais, coa finalidade de promover a súa eliminación.

7/7 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL LUGONOVO, NÚMERO 21/2017 DE REXISTRO DE PLENO, RELATIVA Á CREACIÓN DUNHA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL DAS INSTALACIÓNS DE TRANSPORTE DA ENERXÍA ELÉCTRICA, GAS, AUGA E HIDROCARBUROS.- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA** crear e desenvolver unha Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa pola Utilización Privativa ou Aproveitamento Especial do Dominio Público Local das Instalacións de Transporte da Enerxía Eléctrica, Gas, Auga e Hidrocarburos, atendendo a este dereito dos Concellos, recoñecido por sentenza, e sendo o de Lugo deficitario dun tributo ao respecto.

8/8 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL CIUDADANOS-PARTIDO DE LA CIUDADANÍA, NÚMERO 22/2017 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A RENOVACIÓN DOS MEMBROS DO TRIBUNAL ECONÓMICO-ADMINISTRATIVO DO CONCELLO DE LUGO.- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA** modificar, nun prazo non superior a tres meses, o Regulamento orgánico do Tribunal Económico-Administrativo, co obxectivo de establecer a periodicidade dos mandatos dos membros deste órgano e de garantir a obxectividade, independencia e equidade no método de designación dos devanditos membros.

9/9 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, NÚMERO 23/2017 DE REXISTRO DE PLENO, RELATIVA A ELABORACIÓN DUN PLAN DE APROVEITAMENTO DE INSTALACIÓNS SEN USO.- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Establecer un programa de visitas nos meses de febreiro e marzo do presente ano, no que participen os membros de todos os grupos da Corporación, así como os técnicos municipais, co obxecto de comprobar o estado no que se atopan os edificios que son propiedade do Concello que na actualidade non teñen un uso definido e que se atopan nun estado de abandono, comezando por as vellas ETAP e EDAR os depósitos de Frigsa e A Piringalla e o matadoiro municipal, así como a cárcere vella, a antiga residencia, o edificio do cuartel de San Fernando e tamén o novo Auditorio, solicitando, cando os edificios non sexan de titularidade municipal, a preceptiva autorización con carácter previo a súa inclusión no referido programa de visitas.

ACTAS E GOBERNO

MGF/jch

Refª: 17extractoap01

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-1-2017

SEGUNDO.- Que se elabore un plan de aproveitamento de instalacións sen uso, dirixido a planificar o futuro uso dos edificios, así como os gastos que suporía para as arcas municipais darlles unha nova utilidade.

TERCEIRO.- Que o Concello estableza un plan de vixilancia periódica das citadas instalacións coa fin de controlar se se producen novos desperfectos nas mesmas. Sería desexable que, cando se detecte algunha anomalía, esta se traslade mediante informe ao equipo de goberno.

B) PARTE DE INFORMACIÓN, IMPULSO E CONTROL

ACTAS E GOBERNO

10/10 DEUSE CONTA DOS DECRETOS QUE OBRAN NO SERVIZO DE ACTAS E GOBERNO DENDE O DÍA 19 DE DECEMBRO DE 2016, RECOLLIDOS NO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓNS, CORRESPONDENTES AO ANO 2016.

11/11 DEUSE CONTA DOS DECRETOS QUE OBRAN NO SERVIZO DE ACTAS E GOBERNO, RECOLLIDOS NO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓNS, CORRESPONDENTES AO ANO 2017.

12/12 SOLICITUDE DE COMPARECENCIA EN PLENO DA DELEGADA DA ÁREA DE ECONOMÍA, EMPREGO E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO, FORMULADA POLO GRUPO MIXTO (ACE-EU), NÚMERO 5/2017 DE REXISTRO DE PLENO, PARA EXPLICAR O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA [CON]TRATO FEITO.- O Excmo. Concello Pleno ACORDA:

PRIMEIRO.- Aprobar a solicitude de comparecencia da Tenenta de Alcalde Delegada da Área de de Economía, Emprego e Desenvolvemento Económico, DONA ANA PRIETO NIETO, debendo incluírse este asunto na orde do día da vindeira sesión que celebre a Corporación Municipal.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ao interesado, indicándolle a data en que se celebrará a sesión en que deberá comparecer e significando que entre esta notificación e a celebración da sesión deberán transcorrer, polo menos, tres días.

TURISMO

13/13 DEUSE CONTA DA APROBACIÓN DEFINITIVA E DA ENTRADA EN VIGOR DO REGULAMENTO DO CONSELLO MUNICIPAL DE TURISMO.

C) ROGOS E PREGUNTAS

ROGOS:

ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO-ASAMBLEAS ABERTAS, NÚMERO 18/2016 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A MELLORA DO TRÁFICO NAS INMEDIACIÓNS DOS CONSERVATORIOS E DA ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS.-

Lugo, 30 de xaneiro de 2017
A VICESECRETARIA,

Asdo.: María García Ferro.